

DULCE M^a GARCÍA MELLA, SECRETARIA XERAL DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA,

CERTIFICA, antes da aprobación da acta correspondente, que o Consello de Goberno na sesión ordinaria celebrada o día 22 de maio de 2020, aprobou o Regulamento do Traballo Fin de Grao do Grao en Matemáticas, nos termos do documento adxunto.

E para que así conste, asino a presente certificación en Santiago de Compostela, co V^o e Prace do sr. reitor.

V^o e prace

O reitor

Antonio López Díaz

Documento asinado dixitalmente conforme a Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE nº 236 do 2 de outubro de 2015).

REGULAMENTO DO TRABALLO FIN DE GRAO

DO GRAO EN MATEMÁTICAS

DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Aprobado pola Xunta de Facultade de Matemáticas o 14 de febreiro de 2020

O Real Decreto 1393/2007 (e posteriores modificacións), no seu artigo 12, establece que as ensinanzas de grao concluirán coa elaboración e defensa dun traballo de fin de grao, que deberá realizarse na fase final dos estudos e estará orientado á avaliación de competencias asociadas ao título.

O Real Decreto 1791/2010, do 30 de decembro, polo que se aproba o Estatuto do estudante universitario, dispón no seu artigo 27 que “os proxectos de fin de carreira, traballos de fin de grao e mestrado, así como as teses de doutoramento, rexeranse pola súa normativa específica”. Así mesmo, nas liñas g) e h) do artigo 8 recóllense os dereitos específicos dos estudantes de grao en relación co traballo de fin de grao e no artigo 30, o dereito á revisión das cualificacións.

Ademais, o Estatuto do Estudiantado da Universidade de Santiago de Compostela aprobado polo Claustro Universitario o día 28 de novembro de 2019 establece, no seu artigo 5, o dereito específico do estudiantado de Grao da Universidade de Santiago de Compostela de “contar cunha tutela efectiva, académica e profesional, no traballo fin de grao” e de “garantir a protección da propiedade intelectual, cando corresponda, dos traballos orixinais artísticos, científicos ou técnicos que realice no marco da súa actividade discente, nos termos que se establecen na lexislación vixente”.

Os estatutos da USC, aprobados mediante Decreto 14/2014 do 30 de xaneiro, residencian nas facultades e escolas o deseño, planificación da docencia, organización, xestión, etc. dos estudos de grao e de máster. En consecuencia, e co obxecto de adecuar a Normativa citada sobre Traballos Fin de Grao ao novo marco normativo, é necesaria a súa revisión e modificación para incorporar todas as melloras recomendadas nos informes de seguimento e renovación da acreditación dos títulos e aquilo ao que obrigan os Estatutos.

O Regulamento de matrícula, elaboración e defensa dos Traballos Fin de Grao e Fin de Máster na Universidade de Santiago de Compostela aprobado polo Consello de Goberno do 10 de marzo de 2016 ten por obxecto a regulación dos Traballos de Fin de Grao (TFG) e Fin de Máster (TFM) en titulacións adaptadas ao EEES e que outorguen títulos ao abeiro do Real Decreto 1393/2007 no que

respecta ás directrices relativas á definición, realización, defensa, cualificación e tramitación administrativa dos TFG e TFM que se establezan nos diferentes plans de estudo de grao e máster impartidos pola USC. Este Regulamento establece que “os centros, a través dos órganos correspondentes (en xeral, as comisións que teñan delegados os aspectos da titulación referidos a TFG ou TFM: comisión de docencia, comisións de titulación, comisións académicas, comisión de calidade, etc.), elaborarán as normativas propias de TFG e TFM das titulacións das que son responsables, axustándoos ás características propias de cada un dos títulos”.

Na memoria verificada do Plan de Estudos do Grao en Matemáticas da Universidade de Santiago de Compostela (USC) establécese que o Traballo de Fin de Grao (TFG) terá 12 créditos.

Ao abeiro do Regulamento sobre Dobres Titulacións e Simultaneidade de Ensinanzas Oficiais na USC aprobado polo Consello de Goberno do 27 de marzo de 2015, establecéronse dous programas integrais de titulacións dobres, o Dobre Grao en Enxeñaría Informática e Matemáticas e o Dobre Grao en Matemáticas e Física, e os estudantes nesta modalidade deben cursar dous TFG, un por cada titulación, o que fai necesario establecer procedementos que faciliten a asignación de TFG a este alumnado.

Finalmente, dado que a Normativa de matrícula, elaboración e defensa dos Traballos Fin de Grao en Matemáticas na USC, aprobada pola Xunta de Facultade de Matemáticas do 4 de decembro de 2013, non contempla as casuísticas mencionadas, é necesario proceder a unha revisión profunda de diversos aspectos sobre a xestión dos TFG, coa finalidade de definir os diferentes procedementos de acordo á nova realidade no centro.

En desenvolvemento das disposicións citadas, a Xunta da Facultade de Matemáticas aproba o seguinte Regulamento dos TFG da titulación de Grao en Matemáticas pola Universidade de Santiago de Compostela:

Artigo 1. Obxecto e ámbito de aplicación

Este regulamento ten por obxecto rexer o proceso dos Traballos de Fin de Grao e contén as normas relativas á definición, realización, defensa, cualificación e tramitación administrativa dos TFG na titulación de Grao en Matemáticas.

Artigo 2.- Natureza do traballo de fin de grao

2.1. O Traballo Fin de Grao consistirá na elaboración por parte do estudante, dun proxecto, traballo, memoria ou estudo orixinal cunha carga lectiva de 12 ECTS no que se integren e desenvolvan os coñecementos, capacidades, competencias e habilidades adquiridos durante os estudos realizados na

titulación de Grao en Matemáticas. Incluirá, como mínimo, tarefas de busca e revisión bibliográfica, lectura e integración de información, elaboración de resultados relevantes, redacción, e presentación e defensa do traballo. Estarán orientados á avaliación das competencias asociadas á titulación como: capacitar para a procura, xestión, organización e interpretación de datos relevantes, normalmente da súa área de estudo; emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas destacados de índole social, científica, tecnolóxica ou ética, e que facilite o desenvolvemento dun pensamento e xuízo crítico, lóxico e creativo.

2.2. O TFG será realizado por cada estudante de forma individual baixo a supervisión dun/ha titor/a académico/a e un/ha cotitor/a, de ser o caso. O persoal docente da USC que sexa nomeado/a titor/a ou cotitor/a, de ser o caso, de TFG do Grao en Matemáticas ten a obriga de asumir esta actividade de tutoría conforme ao establecido neste regulamento e no xeral da USC.

2.3. A natureza dos TFG pode ser diversa; deberán estar orientados á aplicación das competencias asociadas á titulación recollidas na memoria verificada do Plan de estudos do Grao en Matemáticas. Tendo en conta que o TFG non é un traballo de posgrao nin de investigación, senón un traballo obrigatorio para todo o alumnado, co que se pecha un ciclo formativo e no que se dá conta das competencias adquiridas no grao, o nivel de competencias esixido deberá corresponderse ao indicado polos descritores de Dublín correspondentes ás titulacións de primeiro ciclo https://fxe9.usc.es/gl/centros/matematicas/descargas/traballlos_fin_grao_TFG/Dublin_Descriptors_es.pdf

2.4 Os TFG poderán desenvolverse no marco de convenios con empresas ou institucións.

Artigo 3. Órganos dos Centros encargados da xestión dos TFG

3.1. A Comisión de Título (CT) do Grao en Matemáticas será a encargada de atender ás cuestións propias do desenvolvemento da materia “Traballo Fin de Grao”.

3.2. En relación aos TFG, serán competencias da CT as establecidas no artigo 3.3 do Regulamento de matrícula, elaboración e defensa dos Traballlos Fin de Grao e Fin de Máster na USC, entre elas:

- Propoñer anualmente a guía docente na que se determinen as diferentes formas de desenvolvemento, exposición e criterios de avaliación, establecendo a porcentaxe da cualificación asignada ao desenvolvemento da memoria, exposición do traballo, resposta a preguntas e outras características de avaliación fundamentais da titulación.
- Establecer a convocatoria anual de TFG nas oportunidades que a USC estableza.
- Determinar os sistemas de tutoría.

- Aprobar as propostas de TFG remitidas polos departamentos con docencia no Grao en Matemáticas.
- Decidir sobre a modificación de temas e/ou titor/a asignado/a derivada de situacións excepcionais, previa consulta ao/s departamento/s afectado/s.
- Aprobar os tribunais de avaliación.
- Autorizar a presentación dos traballos en casos excepcionais.
- Propor os prazos de entrega dos traballos e as datas de defensa dos mesmos de acordo co calendario académico.
- Solucionar as incidencias graves relativas a esta materia.
- Calquera outra que a Xunta de Facultade lle encomende.

A Xunta de Facultade aprobará e publicará a guía docente e os períodos de entrega e defensa dos TFG, que se publicarán xunto coa convocatoria oficial de exames de cada curso académico.

3.3. A/O decana/o ou persoa en quen delegue actuará como coordinador/a dos TFG na titulación de Grao en Matemáticas.

Artigo 4. Matrícula e convocatorias

4.1. A matrícula do TFG realizarase dentro do prazo xeral de matrícula ordinaria que estableza a Universidade, mediante o aboamento dos prezos públicos que correspondan conforme aos créditos que teña asignados e conxuntamente coas materias que o alumnado teña pendente de superar para completar os estudos de grao ou máster, se é o caso.

Para poder formalizar a matrícula do TFG, o alumnado deberá reunir os requisitos que estableza a USC.

4.2. O alumnado de intercambio poderá matricularse desta materia. O seu réxime será o establecido no Regulamento de Intercambios da USC.

4.3. A matrícula dará dereito á entrega e defensa do TFG en dúas oportunidades no curso no que estea matriculado e reportará os prezos públicos establecidos, sempre que se cumpran os requisitos para a súa avaliación.

4.4. Os TFG entregados só poderán ser defendidos e avaliados unha vez que se teña constancia de que a/o estudante superou todos os créditos necesarios para a obtención do título de grao, salvo os correspondentes ao propio traballo. Isto mesmo é de aplicación aos estudantes nos programas

integrals de titulacións dobres, sempre que o estudante procedera ao recoñecemento dos créditos que non está obrigado a cursar de acordo ao establecido no programa integral por ter cursado créditos na outra titulación. Para estes efectos, no caso de que na data de defensa aínda non se recepcionaran todas as actas de avaliación das materias, a/o secretaria/o da Facultade solicitará do profesorado encargado das materias que informe sobre as cualificacións do alumnado que vaia defender os traballos na mesma convocatoria.

4.5. A Facultade, a través da CT, atendendo a criterios organizativos e de programación docente, concretará as datas para a celebración das defensas dos traballos nos intervalos temporais que determine o calendario académico. Tamén deberá definir as modalidades de defensa admitidas en cada caso, os instrumentos de seguimento e criterios xerais de avaliación. Os traballos deberán entregarse nos períodos fixados polo calendario académico anual.

4.6. O número máximo de convocatorias que poderá consumir o alumnado será de catro, e poderá contar con dúas oportunidades por curso académico. A obtención de non presentado nalgunha das oportunidades ou en todas computarase para os efectos de consumir a convocatoria.

Para poder presentarse a unha nova convocatoria será necesaria a formalización de nova matrícula.

4.7. Sen menoscabo doutras formas de renuncia contempladas na Normativa da USC, no suposto de que a/o estudante non reúna os requisitos para presentar o traballo por ter materias pendentes, considerarase unha renuncia automática polo que non se computará para os efectos de consumir convocatoria.

Artigo 5. Do/a titor/a docente

5.1. Os TFG deberán ter un/ha titor/a que asista aos estudantes na realización do traballo. Por razóns xustificadas e se a CT o estima oportuno, poderá designarse un/ha cotitor/a ou, excepcionalmente, dous/dúas cotitores/as.

5.2. O/a titor/a será Persoal Docente e Investigador (PDI) das áreas de coñecemento que impartan docencia na propia titulación.

5.3. O/a titor/a e, no seu caso, o/a cotitor/a, programará sesións de traballo presenciais e/ou virtuais cos estudantes, nas que establecerá a programación das tarefas a realizar e orientará o traballo. Será responsable de expor a cada estudante as características do traballo, de orientalo no seu desenvolvemento e de velar polo cumprimento dos obxectivos fixados, así como de realizar o seguimento e emitir informe preceptivo e confidencial sobre este seguimento antes da defensa do TFG e para os efectos de que se teña en conta para a avaliación.

5.4. Ante a imposibilidade de continuar coa titorización (por motivos de baixas temporais, por enfermidade, licenza por maternidade/paternidade,...), a CT, a proposta do departamento ao que pertence o/a titor/a, asignará un/ha substituto/a que actuará durante o período de ausencia. En caso de que a baixa sexa de longa duración ou definitiva, a CT arbitrará os mecanismos oportunos para resolver a incidencia atendendo ao grao de desenvolvemento do TFG.

5.5. Poderá ser cotitor/a o PDI e o persoal investigador predoutoral e en formación ou posdoutoral das áreas da USC, sempre que a temática do TFG o xustifique e a normativa da USC o permita.

5.6. Excepcionalmente tamén poderán ser cotitoras/es profesoras/es da USC que se atopen na situación de servizos especiais, comisión de servizos, eméritos ou ad honorem e profesores doutras universidades ou persoal con vinculación permanente a Organismos Públicos de Investigación (OPI) e profesionais especializados, sempre que a temática do TFG o xustifique e a normativa da USC o permita. Non poderán ser cotitores persoal de administración e servizos, agás nos supostos de consideración como profesionais, nin o persoal contratado con cargo ao capítulo VI, agás os que posúan titulación de máster ou equivalente.

No caso de cotitorías de persoal alleo á USC (área externa), con carácter previo a realizar a cotitoría deberá comunicarse dita circunstancia á Vicerreitoría con competencias na materia a través do servizo correspondente indicando a súa dedicación.

5.7. No caso dos TFG desenvolvidos no marco de convenios con empresas ou institucións, a matrícula realizarase na USC pero poderá designarse un/ha cotitor/a que poderá ser persoal do centro ou institución no que se desenvolva o traballo. En todo caso, a defensa e avaliación dos traballos deberá realizarse na USC.

Artigo 6. Modalidades de oferta de TFG

Existirá un dobre procedemento para a oferta de TFG:

- a) Oferta ordinaria por parte da CT.
- b) Oferta propiciada a proposta dun proxecto acordado entre estudante e titor/a, e cotitor/a, de ser o caso. Neste caso, a asignación á/ao estudante estará condicionada a que cumpra os requisitos indicados no artigo 4 no momento de facela definitiva. As especificacións mencionadas no artigo 5 aplican ao/á titor/a e cotitor/a, de ser o caso.

Artigo 7. Procedemento para a oferta de propostas de TFG

7.1. A Facultade e os departamentos con áreas adscritas ao TFG arbitrarán as medidas oportunas, dentro dos seus respectivos ámbitos de competencias, co fin de garantir que cada estudante en condicións de realizar o TFG poida facelo. En particular velarán pola dispoñibilidade das/os titoras/es dos TFG para cada curso, e a súa asignación ás/aos estudantes matriculadas/os na materia TFG.

7.2. Coa finalidade de coordinar, polo menos de xeito parcial, a oferta dos TFG do Grao en Matemáticas coa da Escola Técnica Superior de Enxeñaría e coa da Facultade de Física, e facilitar aos estudantes dos programas integrais de titulacións dobres a escolla de TFG relacionados entre si de acordo cos regulamentos dos respectivos centros, as propostas poderán indicar a súa posible adecuación, por temática, para ser complementadas cunha proposta de TFG do Grao en Enxeñaría Informática ou do Grao en Física.

7.3. Na elaboración do plan docente anual (PDA) da titulación, a CT fará unha estimación sobre o número de propostas de TFG necesarias para cada curso académico, incrementadas nunha porcentaxe razoable, para favorecer as opcións de escolla do alumnado. Asemade, establecerá o número mínimo de propostas de TFG que corresponde presentar a cada unha das áreas de coñecemento adscritas ao TFG procurando o equilibrio entre elas. Estas propostas terán en conta o dobre procedemento de oferta, así como o número de estudantes dos programas integrais de titulacións dobres nos que a Facultade de Matemáticas ten responsabilidades.

7.4. Os departamentos con docencia no Grao en Matemáticas comunicarán cada curso académico ao centro o listado de titores e temas dos traballos. Os departamentos enviarán á CT as propostas de TFG correspondentes aos dous procedementos de oferta no mesmo prazo e xunto coa programación docente do resto das materias. A CT estudará as propostas presentadas e aprobará a oferta dos TFG, podendo, de estimalo conveniente, axustala. Publicará a lista de propostas resultante na data que o calendario de Planificación Académica Anual estableza para a publicación da programación docente das materias.

7.5. Se o número efectivo de estudantes matriculados/as no primeiro ou no segundo semestre requirise modificacións na oferta inicial, a CT pode abrir un novo procedemento de oferta como o definido no artigo 7.4 incluíndo unha ou as dúas modalidades.

7.6. Cada proposta para a oferta ordinaria por parte da CT, irá acompañada da seguinte información:

a) Título do traballo.

- b) Titora ou titor e, de ser o caso, cotitoras/es do TFG.
- c) Breve descrición do contido.
- d) Recomendacións, que en ningún caso serán vinculantes.
- e) Valoración da adecuación da proposta para ser complementada con outra de TFG do Grao en Enxeñaría Informática ou do Grao en Física, indicando a posible conexión con liñas de coñecemento ou conceptos e as/os posibles titoras/es, se o considera pertinente.

7.7. Cada proposta para a oferta propiciada incluíra, ademais da información descrita no artigo 7.6, a identificación da/o estudante. O apartado e) do artigo 7.6 só será necesario especificalo se a/o estudante pertence a un programa integral de titulacións dobres. A proposta deberá ser presentada polo/a titor/a no Departamento do que forma parte.

7.8. Todas as propostas serán o suficientemente amplas como para permitir a flexibilidade de cara á súa elaboración e o suficientemente concretas como para que o departamento e a CT valore a súa idoneidade en relación ao nivel de competencias esixido e aos obxectivos que cómpre acadar, e ademais deben facilitar a comprensión do alumnado da tarefa que debe realizar. A CT poderá aceptar ou rexeitar as propostas presentadas, ou ben solicitar modificacións formais que non desvirtúen o traballo proposto ou pedir aclaracións sobre elas. De ser solicitadas modificacións ou aclaracións, o/a titor/a poderá someter de novo a proposta á consideración da CT a través do departamento, no prazo que esta estableza, coas modificacións e/ou aclaracións necesarias, co acordo da/o estudante no caso da oferta propiciada.

7.9. No caso dos TFG que se desenvolvan no marco de convenios con empresas ou institucións ou de intercambio de estudantes, a CT poderá acomodar a información requirida ás circunstancias concretas.

7.10. As propostas, tanto da oferta ordinaria como da propiciada, realizadas no curso anterior e non asignadas, así como as que non sexan obxecto de prórroga, retiraranse da oferta, salvo que o Departamento as propoña nos momentos procedimentais adecuados.

Artigo 8. Procedemento para a asignación de TFG

8.1. Haberá un prazo de asignación por cada período de matrícula ordinaria, nas dúas modalidades de oferta, de acordo co seguinte procedemento:

- a) Realizarase a asignación correspondente á oferta propiciada, verificando que o estudante que a propiciou está matriculado no TFG no prazo establecido aos efectos.

b) As/Os estudantes matriculados no TFG que optaron pola oferta ordinaria serán convocados para a asignación. En cada un dos períodos de asignación, esta farase por orde da nota media simple dos expedientes académicos. No caso de empate aplicarase o disposto na normativa da USC sobre valoración de expedientes académicos.

Para optimizar as preferencias do alumnado e favorecer que os estudantes poidan consultar co profesorado, o proceso de asignación ordinaria realizarase mediante chamamento público nunha ou varias quendas, de xeito que en cada unha delas o alumnado exprese as súas preferencias de entre as propostas que aínda queden dispoñibles.

De non poder asistir presencialmente, a/o estudante poderá entregar previamente un formulario no que figure o listado dos traballos dispoñibles, enumerados por orde de preferencia.

Corresponde ao/á coordinador/a do TFG organizar o proceso para que todo o alumnado matriculado poida elixir algunha das propostas dispoñibles. De non estar presente algún/ha alumno/a, asignaráselle o TFG de acordo coas súas preferencias, se entregou o formulario citado no parágrafo anterior, ou de oficio entre os que queden dispoñibles ao final dese chamamento e por orde de expediente no caso descoñecer as súas preferencias.

8.2. Unha vez asignadas as propostas de TFG, cada estudante, independentemente da modalidade de TFG, deberá contactar co/a titor/a do TFG co fin de delimitar o traballo que vai realizar no TFG. Estudante, titor/a e, de ser o caso, cotitor/a, asinarán un documento de inicio do traballo, que remitirán á CT no prazo fixado para tal fin a partir da resolución definitiva da asignación, coa seguinte información:

- a) Referencia do traballo.
- b) Breve planificación.
- c) Propiedade intelectual do traballo.
- d) Sinatura do/a titor/a e, de ser o caso, cotitor/a, e da/o alumna/o, e mais data.

8.3. O estudante que non solicitara a defensa do seu TFG ou non o superara en ningún dos prazos previstos do curso académico, poderá solicitar mediante un escrito razoado á CT e co visto e prace da titora ou titor do TFG, prórrogas anuais para a continuación da validez do proxecto. Esta solicitude presentarase no prazo fixado para este fin, que sempre será anterior á asignación dos TFG do curso académico correspondente.

Transcorrido o prazo sen a realización da solicitude de prórroga, o estudante decaerá nos seus dereitos respecto do proxecto de TFG asignado, e este declararase caducado. Neste caso, o

estudante deberá iniciar de novo o procedemento establecido nesta normativa, agás casos extraordinarios que sexan considerados pola CT.

Artigo 9. Modalidades de avaliación pública dos TFG

9.1 O sistema de avaliación dos TFG da Facultade de Matemáticas admite dúas modalidades, ao abeiro do artigo 6.7 do Regulamento de matrícula, elaboración e defensa dos Traballos Fin de Grao e Fin de Máster na USC: avaliación por tribunal e avaliación por parte do/a titor/a. En ambos casos, a avaliación farase a través dun proceso de exposición e defensa pública do traballo.

9.2. No caso de avaliación dos TFG a través da súa exposición e defensa pública diante dun tribunal, seguiranse as seguintes directrices:

- a) O mencionado tribunal estará composto por tres profesoras/es da USC das áreas de coñecemento que teñan adscrito o TFG e, en casos xustificados, das áreas con docencia no Grao en Matemáticas, e non poderá haber máis de dous membros da mesma área. Nomearanse tres titulares e organizarase unha bolsa de suplentes que actuará para os diferentes tribunais que avaliarán os TFG. En todo caso, polo menos un dos membros do tribunal pertencerá a unha área de coñecemento afín ás liñas temáticas xerais dos traballos.
- b) O/a titor/a e cotitor/a do TFG non poderán actuar no tribunal que o avalíe.
- c) Os tribunais de avaliación configuraranse da forma que estableza a CT, atendendo ao número de estudantes matriculadas/os, á temática e ás modalidades dos diferentes TFG. A CT distribuirá ao alumnado entre os tribunais de avaliación de acordo coa temática dos TFG, procurando o equilibrio entre o número de traballos asignados a cada tribunal.
- d) A participación nos tribunais é obrigatoria para as persoas nomeadas, agás causa de forza maior debidamente acreditada.
- e) Cada tribunal estará formado por un/ha presidente/a, un/ha secretario/a e un/ha vogal. Utilizarase o criterio de categoría docente e antigüidade para nomear o/a presidente/a, que será o de maior categoría e o máis antigo, e o/a secretario/a, que será o de menor categoría e máis novo. O/a presidente/a e o/a secretario/a exercerán como tales en todas as actuacións.
- f) O tribunal poderá consultar co/coa titor/a do traballo e coas/cos cotitoras/es, así como con profesores/as especializados/as na temática do traballo que se estea a avaliar.
- g) En caso de existir máis de un tribunal, programaranse polo menos dúas reunións de coordinación, unha previa e outra posterior a cada período de presentación e sempre anterior á avaliación dos TFG.

9.3. No caso de avaliación dos TFG ante o/a titor/a, a exposición e defensa pública terá lugar durante o período de defensa de TFG establecido no calendario da USC, sempre que a/o estudante cumpra os requisitos esixidos para proceder á defensa do traballo.

9.4. En calquera caso, a cualificación farase pública conforme a normativa específica de publicación de cualificacións do alumnado da USC.

Artigo 10. Requisitos para a presentación do TFG e documentación que cómpre entregar

10.1. O alumnado deberá presentar a solicitude de defensa do TFG e unha copia electrónica en formato PDF a través do procedemento electrónico que a USC dispoña, no prazo fixado para tal fin pola CT en cada convocatoria. Na solicitude de defensa de TFG, a/o estudante poderá elixir entre a defensa pública ante o/a titor/a e a defensa pública ante un tribunal. Os requisitos formais serán recollidos tamén na guía docente da materia.

10.2. Para presentar a solicitude de defensa do TFG é requisito imprescindible estar matriculado do TFG no momento da solicitude. A Facultade de Matemáticas verificará que se cumpran os requisitos definidos en 4.3 para autorizar a súa presentación.

10.3. A CT velará para que a documentación necesaria estea á disposición do tribunal e o/a titor/a con antelación suficiente e definirá con antelación o procedemento de entrega da mesma por parte da/o estudante e o/a titor/a, de ser o caso.

10.4. No caso de optar a/o estudante pola defensa pública ante un tribunal, con carácter previo á defensa, o/a titor/a do TFG deberá emitir, polos procedementos electrónicos definidos pola USC, un informe asinado preceptivo de titorización, e, de ser o caso, incorporando as valoracións das/os cotitoras/es, que estará á disposición do tribunal.

10.5. A memoria presentada, cunha extensión de entre 30 e 60 páxinas (excluído material suplementario como táboas de datos e códigos), amosará o traballo desenvolvido polo estudante. A título informativo, a Facultade establecerá un formato común recomendado. En calquera caso, recoméndase respectar a seguinte estrutura:

1. Portada na que figuren: Grao en Matemáticas, título do traballo, nome completo do/a autor/a e curso académico da defensa.
2. Índice dos capítulos e apartados.
3. Resumo (unhas 200 palabras) na lingua usada e en inglés.
4. Introducción.
5. Contidos.

6. Bibliografía consultada.

Artigo 11. Presentación e defensa dos Traballos de Fin de Grao

11.1. O acto de presentación será realizado polo estudante a través dunha exposición individual en sesión pública na data asignada.

11.2. A exposición do TFG terá unha duración máxima de 20 minutos. Ao remate da presentación, o tribunal, ou o/a titor/a, no caso de presentación pública ante esta/e, poderá formular cantas preguntas e cuestións considere convenientes.

11.3. A defensa do TFG será realizada pola/o estudante de xeito presencial. Non obstante o anterior, para casos excepcionais debidamente autorizados pola CT, poderá realizarse a defensa por medios telemáticos, coas garantías que se determinen na autorización.

11.4. A elaboración e defensa do TFG deberase efectuar en calquera das dúas linguas oficiais da Comunidade Autónoma.

11.5 A modalidade de defensa para os traballos protexidos por cláusulas de confidencialidade realizarase segundo se indica no artigo 11 do Regulamento de matrícula, elaboración e defensa dos Traballos Fin de Grao e Fin de Máster na Universidade de Santiago de Compostela.

Artigo 12. Avaliación, cualificación e revisión

12.1. A cualificación dos traballos realizarase conforme aos criterios establecidos na guía docente, que estarán vinculados á consecución das competencias da titulación e das competencias transversais. No caso de optar a/o estudante pola defensa pública ante un tribunal, terase en conta o informe de seguimento do/a titor/a segundo se estableza no sistema de avaliación incluído na guía docente do curso académico correspondente.

12.2. Os tribunais deliberarán sobre a cualificación que lle corresponde conforme aos criterios de avaliación publicados na guía docente e ao disposto na memoria de verificación do título, outorgando a cualificación de acordo coa escala numérica de 0 a 10, con expresión dun decimal, á que se engadirá a súa correspondente cualificación cualitativa. No caso de optar a/o estudante pola defensa pública ante o/a titor/a, a cualificación máxima que pode obter estará definida na guía docente da materia e nunca superará o 8.

12.3. A mención de “Matrícula de Honra” (MH) poderá ser outorgada de acordo co establecido pola USC. Esta mención só poderá outorgarse unha vez rematadas as defensas de todos os TFG

correspondentes ao curso académico. No caso de existiren dous ou máis tribunais avaliadores, cada tribunal enviará á CT unha proposta razoada dun número de candidatas/os para a MH, que non poderá superar o número máximo de MH que se poidan outorgar na materia. Á vista das propostas, a CT concederá a mención de MH entre as/os estudantes propostos polos tribunais segundo se estableza no sistema de avaliación incluído na guía docente do curso académico correspondente.

12.4. O alumnado ten dereito á revisión das cualificacións nas datas e horarios que para tal efecto deberán fixarse no momento de facer públicos os resultados provisorios. As datas de revisión deberán estar comprendidas dentro dos dez días seguintes á publicación dos resultados e incluírán como mínimo dúas datas opcionais. Para estes efectos o mes de agosto será inhábil e non computará neste prazo.

A revisión será persoal e poderá realizala un ou varios membros do tribunal, ou o/a titor/a no caso de defensa pública ante esta/e. En todo caso deberá quedar constancia da celebración da revisión e da data en que se realizou mediante calquera sistema que acredite a súa realización.

O procedemento de reclamación contra a cualificación será o establecido na normativa vixente relativa á avaliación do rendemento académico dos estudantes e de revisión de cualificacións.

Artigo 13. Xestión das actas

13.1. Elaborarase unha acta individual por cada alumna/o e traballo e para cada oportunidade na que constará o/a titor/a académico/a e cotitoras/es, de ser o caso, o tribunal cualificador e o título do TFG defendido, así como a súa cualificación e a data de defensa.

As actas estarán asinadas polos membros do tribunal ou polo/a titor/a no caso de defensa pública ante esta/e.

En caso de imposibilidade de que algún dos membros que realizaron a avaliación asine a acta dos TFG, esta circunstancia porase en coñecemento da Secretaría Xeral, que procederá a autorizar a sinatura da acta polo/a coordinador/a dos TFG. No caso de imposibilidade deste, substituiranse pola profesora ou profesor que designe a Secretaría Xeral. En todos os casos farase constar a dita incidencia.

13.2. O alumnado matriculado que non faga a entrega do TFG en ningunha das oportunidades figurará nunha acta conxunta coa mención “Non Presentado”, que deberá ser asinada polo/a coordinador/a dos TFG. Nesta acta conxunta tamén se incorporarán as mencións de “Matrícula de Honra” conforme ao establecido no artigo anterior.

Artigo 14. Dereitos e obrigas do alumnado

14.1. A propiedade intelectual do traballo fin de grao correspóndelle á/ao alumna/o que o realizou, sen prexuízo das cesións sobre os resultados que se acorden. No caso de que os traballos se realicen no marco dun contrato ou convenio con algunha entidade ou, de ser o caso, dun proxecto ou liña de investigación, actuarase de acordo co disposto no artigo 11.2 do Regulamento de matrícula, elaboración e defensa dos Traballos Fin de Grao e Fin de Máster na USC.

Unha copia en formato electrónico dos traballos superados quedará depositada no centro para o seu arquivo e consulta, e poderá ser utilizada na USC para usos académicos e de investigación, sempre coa mención específica ás/aos súas/seus autoras/es. Para estes efectos o alumnado asinará a correspondente autorización de difusión e a declaración de que se trata dun traballo orixinal, no sentido de que non pode ser unha copia doutros traballos pero tampouco ten por que conter resultados novos.

A publicación dos TFG no repositorio institucional da USC (Minerva) farase atendendo aos criterios definidos na guía docente e á normativa de dito repositorio.

14.2. Os TFG deben ser traballos orixinais de elaboración propia e deben citarse debidamente as fontes que se tiveron en conta para a súa realización. O seu incumprimento suporá a cualificación de “suspense” na convocatoria e o deber do/a titor/a e do tribunal que o detecte de poñelo en coñecemento da Reitoría a efectos de iniciar as accións disciplinarias que procedan, de conformidade co artigo 16 da Normativa de avaliación do rendemento académico dos estudantes e de revisión de cualificacións.

Con carácter previo á autorización da defensa, poderá realizarse unha análise automatizada de control da vulneración de dereitos de propiedade intelectual. A partir desa análise, se a CT considera que se vulneraron os citados dereitos, poderá denegar a defensa do traballo e aplicarase o indicado no parágrafo anterior.

14.3. Son obrigas específicas do estudantado en relación co TFG:

- a) Informar ao/á titor/a da evolución do TFG.
- b) Asistir ás titorías programadas polo/a titor/a.
- c) Consultar co/a titor/a se procede a defensa do TFG.
- d) Elaborar e presentar un TFG orixinal polo que a/o alumna/o responde da autoría e orixinalidade da obra.

Disposición derogatoria

Queda derogada a Normativa de matrícula, elaboración e defensa dos Traballos Fin de Grao en Matemáticas na USC aprobada pola Xunta de Facultade de Matemáticas do 4 de decembro de 2013.

Disposición final

A CT é a encargada de velar polo cumprimento da normativa desenvolvida neste regulamento e interpretala se fose necesario. O presente regulamento entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Taboleiro Electrónico da Sede Electrónica tras a súa ratificación polo Consello de Goberno.

Sinaturas dixitais / Firmas digitais / Digital signatures

Asinante/Firmante/Signer: ANTONIO LOPEZ DIAZ, REITOR, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 28/05/2020 14:01:10.

Asinante/Firmante/Signer: DULCE MARIA GARCIA MELLA, SECRETARIA XERAL, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 28/05/2020 13:04:26.

CSV: 077C-0C21-4578-91B0